



ORDENANZA FISCAL NUMERO 17

REGULADORA DA TAXA POLA DISTRIBUCIÓN DE AGUA, INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES

Artigo 1. FUNDAMENTO E REXIME

Este Concello, conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de acordo co previsto no artigo 20.3,f) da lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establece a taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas, colocación e utilización de contadores, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 da lei 39/88 citada.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE

Está constituído pola actividade municipal desenvolvida con motivo da distribución de auga potable a domicilio, o enganche de liñas á rede xeral e a conservación e reposición de contadores.

Artigo 3. DEVENGO

A obriga de contribuir nace dende que se inicie a prestación do servizo, previa solicitude, ou dende que se utilice éste sen ter obtido a previa licenzia, con periodicidade trimestral.

A obriga de contribuir pola conservación e renovación de contadores, nace dende o momento da súa solicitude polo usuario, tendo en todo caso carácter voluntario

Artigo 4. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta Ordenanza.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ás que se provea do servizo, que poderán repercutir, de se-lo caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 5. BASE IMPOÑIBLE

A base do presente tributo estará constituída por:

- Na subministración ou distribución de auga : os metros cubicos de auga consumida no inmovible donde estea instalado o servizo.
- Nas acometidas á rede xeral: o feito da conexión á rede por cada local comercial ou vivenda individual.
- Na conservación e renovación de contadores, a clase de contador

Artigo 6. COTA TRIBUTARIA

1.A contía da taxa regulada nesta Ordenanza, será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte.



ORD. FISCAL Nº 17 DISTRIBUCIÓN DE AUGA		TARIFA €
		2016
PARA USOS DOMÉSTICOS	Cota de servizo ou mantemento, ó mes	1,71
	Consumo ata 14 m3.(mínimo a facturar), ó trimestre	4,36
	Consumo dende 14 m3 ata 30 m3. cada metro cúbico	0,40
	Consumo dende 14 ata 75 m3., cada metro cúbico	0,43
	Consumo de máis de 75 m3, cada metro cúbico	0,50
PARA USOS INDUSTRIAIS	Cota de servizo ou mantemento, ó mes	1,71
	Prezo do m3 consumido	0,45
CONSERVACIÓN Y RENOVACIÓN DE CONTADORES	Contadores de 13 mm, 15 mm 20 mm, ó mes	0,47
	Contadores de 25 mm y 30 mm, ó mes	1,09
	Contadores de 40 ou máis mm, ó mes	3,25
ENGANCHE REDE XERAL	INDEPENDENTEMENTE DA CLASE DE SOLO	145,61
CONTRATO DE SUBMINISTRO	POR CADA CONTRATO APARTE DOS SELOS	28,33

Artigo 7. RESPONSABLES

1.Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta ordenanza, toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, todas as sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2.Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da debida tributaria no caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que no realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consentirán no incumprimento por quen dependa deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 8. NORMAS DE XESTION

Considerase vixente en todo o seu contido o Regulamento de Funcionamento do Servizo Municipal de Augas, aprobado en sesión do Pleno do Concello de 2 de decembro de 1986 en canto non contradiga o disposto na presente Ordenanza.



Artigo 9. NORMAS RECAUDATORIAS

O cobro da taxa efectuarase mediante recibos trimestrais, agas que o Pleno municipal determine unha periodicidade distinta, e xunto coas taxas de rede de sumidoiros e recollida de lixo ou calquera outro tributo estatal ou autonómico que graven as taxas mencionadas.

Poderán emitirse facturacións mensuais, previa solicitude, e sempre con carácter de voluntariedade, no caso de grandes consumidores.

Artigo 10. INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS

En todo o referente á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2011 e modificada polo mesmo o 29 de decembro de 2015, entrará en vigor o día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 abril de 2016, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa